Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua
CIF: G-15542897
Apdo. 771 Santiago de Compostela
contacto@ctnl.info
www.ctnl.info

Nel Vidal Barral, como presidente da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897; con apartado de correos 771 de Santiago de Compostela; con enderezo electrónico contacto@ctnl.info e con teléfono de contacto 616 155 304,

EXPOÑO

Que logo da publicación no BOP da provincia da Coruña n.º 66 do mércores 21 de marzo de 2007 do anuncio das Bases e convocatoria para a provisión, polo procedemento de concurso-oposición, dunha praza de técnico de normalización lingüística, contrato laboral temporal por obra ou servizo determinado, a CTNL ten que expresar as seguintes consideracións:

1. En primeiro lugar, desde a CTNL cremos que a contratación de persoal técnico mediante convocatoria pública por parte dos concellos para a creación de servizos de normalización lingüística (SNL) ou para desenvolver o seu labor neles é sempre algo positivo, polo que así valoramos o paso dado polo Concello de Porto do Son de convocar esta praza de técnico/a de normalización lingüística.

2. A CTNL elaborou en 2006 unha proposta de recomendacións e requisitos mínimos que deben cumprir as convocatorias de postos de traballo para os servizos lingüísticos das administracións públicas galegas. Esta proposta está pensada para que as administracións poidan contratar o persoal máis e mellor capacitado, coa finalidade última de que o labor dos SNL sexa o máis efectivo posíbel. O documento envióuselles, ademais de a outras entidades, a todos os alcaldes e alcaldesas do país, polo tanto, tamén ao de Porto do Son, para que se coñecesen e se tivesen en conta esas recomendacións e eses mínimos á hora de elaborar as bases para os procesos selectivos de técnicos/as de normalización lingüística.

3. Na convocatoria publicada polo Concello de Porto do Son vemos moitos aspectos positivos que se deben resaltar e que son acordes coa proposta feita pola CTNL, nomeadamente:

    a. A publicación nun boletín oficial
    b. A denominación de técnico/a de normalización lingüística
    c. A concreción das funcións, que consideramos que son as propias dun SNL
    d. O sistema de selección mediante concurso-oposición e o equilibrio entre a fase de concurso e a fase de oposición
    e. A composición do tribunal

ALCALDE - PRESIDENTE
CONCELLO DE PORTO DO SON
Rúa da Atalaia s/n
15970 Porto do Son

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua
CIF: G-15542897
Apdo. 771 Santiago de Compostela
contacto@ctnl.info
www.ctnl.info

4. Aínda tendo en conta todos estes aspectos da convocatoria que valoramos como positivos, consideramos que hai unha serie de cuestións que, desde o noso punto de vista, serían mellorábeis, e que queremos comentar co fin de achegarlle propostas que poden mellorar o proceso e, en definitiva, que poderán contribuír a que poidan seleccionar o persoal máis e mellor capacitado, coa finalidade última de que o labor do SNL de Porto do Son sexa o máis efectivo posíbel:

    a. No proceso selectivo non hai un suposto práctico, senón só proba teórica do temario e proba de lingua. Desde a CTNL consideramos que a única maneira de avaliar realmente a capacidade dos e das aspirantes para desempeñar o traballo é incluíndo no proceso selectivo un exercicio consistente nun suposto práctico sobre algún aspecto da xestión, organización ou desenvolvemento do traballo real do SNL de acordo coas funcións do posto. Co primeiro exercicio de Porto do Son preténdense avaliar os coñecementos teóricos incluídos no temario e co segundo exercicio preténdese acreditar o coñecemento e dominio da lingua galega escrita, mais non hai ningún exercicio que avalíe a capacidade para desenvolver as funcións sinaladas na propia convocatoria (xerais internas, de dinamización lingüística, de formación sociolingüística e de asesoramento lingüístico).

    b. O segundo exercicio pode consistir nunha tradución. Segundo se sinala no apartado VIII 2), a proba pode consistir nunha tradución, redacción ou corrección lingüística. Desde a CTNL consideramos que a tradución non é unha das funcións dos SNL e na propia convocatoria de Porto do Son tampouco aparece esta tarefa como unha das que ten que desenvolver o/a técnico/a de normalización lingüística. Ademais, se a intención é avaliar os coñecementos e dominio da lingua, consideramos que unha proba de tradución tampouco é o método máis acaído pois, en primeiro lugar, dá unha visión do galego como lingua subsidiaria do español e, en segundo lugar, o que se pode avaliar é o dominio e capacidade para traducir, non o coñecemento e dominio no uso da lingua galega.

    c. Esíxese a titulación en Filoloxía Galega. Desde a CTNL consideramos que esta titulación non debe estar nunca excluída, mais que tampouco as prazas se deben limitar a ela. Non hai unha titulación específica relacionada directamente co traballo en normalización lingüística, polo que consideramos que o requisito debe ser unha licenciatura, mais non ten que ser exclusivamente a de Filoloxía Galega. No entanto, é fundamental a avaliación dos coñecementos específicos para o desenvolvemento das funcións concretas do posto, pois ningunha titulación garante os coñecementos e capacidades necesarias.

ALCALDE - PRESIDENTE
CONCELLO DE PORTO DO SON
Rúa da Atalaia s/n
15970 Porto do Son

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua
CIF: G-15542897
Apdo. 771 Santiago de Compostela
contacto@ctnl.info
www.ctnl.info

d. Sinálase que o contrato é totalmente dependente do convenio coa Deputación da Coruña e que en ningún caso o Concello manterá o posto de traballo se non é con esa subvención. Desde a CTNL consideramos que a acción normalizadora, para que sexa minimamente efectiva, esixe continuidade, polo que, na convocatoria debería asegurarse esta. Bótase en falta, polo tanto, un maior compromiso por parte do concello de Porto do Son para darlle estabilidade á praza e, polo tanto, ao apoio técnico da acción normalizadora, con fondos propios.

5. Para que desde un SNL se poidan desenvolver con efectividade as súas funcións, este debe estar no organigrama naquel lugar no que poida intervir con maior efectividade en todos os ámbitos, e/ou dependendo da estrutura política que teña maiores competencias para intervir transversalmente. No caso dos concellos o SNL debe depender dunha concellaría específica de Política Lingüística con carácter transversal, da Alcaldía ou, de non poder ser así, dunha concellaría de Política Lingüística compartida con outra que teña tamén carácter transversal e poida intervir en todos os ámbitos.

POLO QUE, SOLICITO

- Que para que o Concello de Porto do Son poida seleccionar o persoal máis e mellor capacitado para desenvolver as funcións concretas que se sinalan na convocatoria publicada no BOP da provincia da Coruña n.º 66 do mércores 21 de marzo de 2007, para optimizar o labor do SNL local e, en definitiva, para contribuír a mellorar o proceso de normalización da lingua galega desde o Concello de Porto do Son, se teñan en conta as propostas que neste escrito se achegan.

- Que conten co apoio e asesoramento da CTNL para o que poidan necesitar no desenvolvemento deste proceso e na propia creación ou desenvolvemento das funcións do SNL de Porto do Son.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2007

ALCALDE - PRESIDENTE
CONCELLO DE PORTO DO SON
Rúa da Atalaia s/n
15970 Porto do Son